



## Concello de Noia

### **ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE FEFREIRO DE 2024 NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DENOMINADO “ATENCIÓN PSICOLÓXICA A FAMILIAS DO SAT” (Expediente administrativo número 5068/2021).**

No despacho da Secretaría Xeral do Concello de Noia, sendo as 11:30 horas do día 15 de febreiro de 2024, reúnen os integrantes da Mesa de Contratación, que se constitúe para proceder á lectura do informe técnico de valoración evacuado o 12 de febreiro do ano actual pola coordinadora dos Servizos Sociais Municipais, dona Yolanda Gómez Bombín, e subseguinte cualificación da oferta técnica presentada a medio do documento electrónico denominado nos pregos como “Arquivo 1”, integrado no “sobre B”, titulado “Declaración responsable e oferta de criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor”, e, seguidamente, proceder á apertura e valoración do documento que contén a oferta económica contida no “Arquivo 2”, rubricado co texto “Oferta de criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas”, que se realizará na Plataforma de Contratación del Sector Público, para a adxudicación do contrato de servizos denominado “Atención psicolóxica a familias do SAT”.

De seguido relaciónanse os membros asistentes a esta primeira sesión da Mesa de Contratación, previamente convocados, manténdose o quórum establecido na Disposición adicional 2 punto 7 e o artigo 326.3 da Lei de Contratos do Sector Público:

Presidenta (suplente)

D<sup>a</sup>. María Laura Salgado García, Concelleira delegada.

Secretario

D. Eduardo Martínez García, Tax – Adm. Xeral.

Vogais

D<sup>a</sup>. Lucía Artime Alonso, Secretaria Xeral.

D<sup>a</sup>. Esther Testa Portomeñe, Interventora Municipal.

D. Xaime López García, Tesoureiro Municipal.

Ausentes:

D. José Pérez Martínez, Concelleiro delegado.

Primeiramente ponse a disposición dos presentes o borrador da acta da sesión anterior, celebrada 1 de febreiro de 2024, e non formulándose observación algunha, apróbase por unanimidade dos membros da Mesa tal e como aparece redactada.

**Concello de Noia**

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741





## Concello de Noia

Acto seguido, procédese á lectura do informe emitido o 12 de febreiro de 2024 pola técnica en educación familiar, e coordinadora dos Servizos Sociais do Concello de Noia, dona Yolanda Gómez Bombín, coa valoración da documentación contida no arquivo 2 do sobre electrónico "B", que recolle a documentación presentada polo único licitador concorrente neste procedemento licitadores cuxa ponderación depende da aplicación de xuízos de valor, en cuxa conclusión outórgase a seguinte puntuación:

Licitador	Aspectos xerais de funcionamento e organización do servizo (a)				Coordinación co Concello (b)	Puntuación total (a+b)
	Medios materiais e técnicos (puntos)	Medios humanos (puntos)	Descrición de procesos e procedementos (puntos)	Control, supervisión e seguimento dos servizos (puntos)	Coordinación co Concello (puntos)	
<b>Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389</b>	0,00	2,50	2,00	0,50	1,00	<b>6,00</b>

A continuación, a Mesa procede a través da plataforma de Contratación do Sector Público, á apertura mediante descriptado, dos arquivos ou sobres electrónicos "C" da antedita empresa licitadora, que contén a documentación coas proposicións cuantificables mediante a aplicación de fórmulas, que recibe os seguintes puntos:

	Oferta económica (a)		Melloras propostas ao servizo (b)				Puntuación total (a+b)
	Oferta (con exención de IVE)	Puntos	Actividades complementarias (Puntos)	Material didáctico (Puntos)	Persoal de apoio (Puntos)	Dispoñibilidade horaria (Puntos)	
<b>Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389</b>	28,00 €/hora	0,00	0,00	5,00	0,00	25,00	<b>30,00</b>

## Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741





## Concello de Noia

En vista das puntuacións outorgadas ás ofertas contidas nos sobres electrónicos "B" e "C" , conclúese que a puntuación obtida por cada unha das empresas licitadoras de acordo aos criterios de adxudicacións dispostos na cláusula 15 e no anexo V do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares é a consignada no cadro que se expón:

	Criterios obxectivos (a)		Criterios subxectivos (b)		Puntuación total (a+b)
	Mellor oferta económica	Melloras propostas ao servizo	Aspectos xerais de funcionamento e organización do servizo	Coordinación co Concello	
<b>Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389</b>	0,00	30,00	5,00	1,00	<b>36,00</b>

## Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741





## Concello de Noia

Logo do anteriormente exposto, a Mesa de contratación **acorda** por unanimidade:

**Primeiro.-** Outorgar a seguinte puntuación ás ofertas presentadas no sobre electrónico "B", referidas aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor de conformidade co establecido na cláusula 16 e anexo V do PCAP:

Licitador	Aspectos xerais de funcionamento e organización do servizo (a)				Coordinación co Concello (b)	Puntuación total (a+b)
	Medios materiais e técnicos (puntos)	Medios humanos (puntos)	Descrición de procesos e procedementos (puntos)	Control, supervisión e seguimento dos servizos (puntos)	Coordinación co Concello (puntos)	
<b>Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389</b>	0,00	2,50	2,00	0,50	1,00	<b>6,00</b>

**Terceiro.-** Outorgar as seguintes puntuacións ás ofertas presentadas no sobre electrónico "C", referidas ás ofertas económicas e referencias avaliadas automaticamente, de acordo co establecido na cláusula 16 e anexo V do PCAP:

	Criterios obxectivos (a)		Criterios subxectivos (b)		Puntuación total (a+b)
	Mellor oferta económica	Melloras propostas ao servizo	Aspectos xerais de funcionamento e organización do servizo	Coordinación co Concello	
<b>Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389</b>	0,00	30,00	5,00	1,00	<b>36,00</b>

## Concello de Noia

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741





## Concello de Noia

**Terceiro.-** Establecer a clasificación de ofertas de acordo co artigo 150 da LCSP e atendendo aos criterios de adxudicación sinalados nos Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación, que ao haber unha única proposición queda como segue:

	Puntuación total
<b>Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389</b>	36,00

**Cuarto.-** Propoñer a adxudicación do contrato de servizos denominado “Atención psicolóxica a familias do S.A.T.” á empresa Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389, polo prezo de 23.800,00 euros, con exención de IVE, sen prexuízos das posibles prórrogas.

En consecuencia, deberá requirirse ao primeiro clasificado, Somos Enredos, S.L., con N.I.F. B04937389, proposto como adxudicatario, para que nun prazo máximo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, presente, por medios electrónicos e con firma electrónica, a documentación que se indica na cláusula 22 do PCAP.

E non sendo outro o obxecto deste acto, dáse por rematado o mesmo sendo as 11:58 horas do día do seu comezo.

O Secretario da Mesa

Visto bo da Presidenta da Mesa

**Concello de Noia**

Rúa Rosalía de Castro, 2, Noia. 15200 (A Coruña). Tfno. 981842100. Fax: 981821741

